



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2019/38	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de outubro de 2019
Duración	Desde as 12:40 ata as 13:10 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	SÍ
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	NON
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***3446**	MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ	NON
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	NON
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 21.10.2019

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o borrador da acta de Xunta de Goberno Local realizada en data 21 de outubro de 2019.

Expediente 3160/2019. Solicitud de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J. D. F. N., en demanda de autorización municipal para a instalación de un sinal de pasaxe permanente en rúa dos Castiñeiros, na Choupana.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 23.10.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"A xefatura da Policía Local de Cangas, en relación á solicitude de J.D.F.N., para pasaxe permanente na rúa dos Castiñeiros, s/n Choupana, comunica que no lugar se realizaron as correccións oportunas para poder acceder con vehículos ao interior da propiedade do solicitante, rampla interior da propiedade e rebaixe da beirarrúa e zona de tránsito na vía pública.

Polo que por parte da policía local non observa inconveniente en acceder á concesión do sinal de pasaxe permanente e se cre conveniente que unha vez concedido o pasaxe se autorice o pintado de liña amarela diante do acceso (polo espazo delimitado por dous aparcamentos)".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por J. D. F. N., para sinalización vertical, consistente na instalación de un sinal de pasaxe permanente en rúa dos Castiñeiros, na Choupana.

Expediente 4711/2019. Solicitud de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J.A.D., representante da comunidade de propietarios "Cela", en demanda da substitución do sinal de pasaxe permanente nº 775 por deterioro, sita en rúa Cela, nº X.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 18.10.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"Por parte desta policía non existe inconveniente en acceder ao solicitado debido a que o sinal presenta síntomas de deterioro, o que a fai ilexible".



A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por J.A.D., para sinalización vertical, consistente na substitución do sinal de pasaxe permanente nº 775 por deterioro, sita en rúa Cela, nº X.

Expediente 6026/2019. Solicitude de sinalización horizontal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por D.O.P., en demanda da colocación de bolardos nas entradas a pé de acceso á vivenda e garaxe, sita en rúa Cancelo, nº X do Hío.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 22.10.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"...Xa que lle estacionan vehículos e en ocasións non poden nin saír. Infórmase que procede reforzar con pintado de amarelo os portais de acceso á vivenda e garaxe".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por D.O.P., para sinalización horizontal, consistente na colocación de bolardos nas entradas a pé de acceso á vivenda e garaxe, sita en rúa Cancelo, nº X do Hío.

Expediente 6140/2019. Solicitude de sinalización horizontal e de regulación viaria no Colexio Eduardo Pondal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por T.R.S., en calidade de director e en nome e representación do Colexio Eduardo Pondal, S. Coop. Galega, en demanda da sinalización das zonas de estacionamento, incluída algunha praza para minusválidos, como para a regulación do tráfico, sito en Seixo, nº X-Darbo (Cangas).

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 22.10.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"...Por parte desta policía non existe inconveniente en acceder ao solicitado, establecendo as medidas a adoptar solicitadas polo colexio. Pintado dos pasos de peóns, así como a colocación de bolardos delimitando o paso para os peóns desde a saída do centro escolar ata a parada dos autobuses e o establecemento dunha zona de parada de taxis para 3 vehículos que realizan funcións de transporte escolar, como está especificado no deseño anexo ao expediente".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por T.R.S., en calidade de director e en nome e representación do Colexio Eduardo Pondal, S. Coop. Galega, para sinalización horizontal e regulación viaria, consistente na sinalización das zonas de estacionamento, incluída algunha praza para minusválidos, como para a regulación do tráfico, sito en Seixo, nº X-Darbo.



Expediente 6130/2019. Solicitud de sinalización de reducción de velocidade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M.C.F.G., para a instalación de sinalización de reducción de velocidade na baixada a Areamilla, nº X.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 22.10.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"...Por parte da policía non existe inconveniente en autorizar o solicitado".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por M.C.F.G., para a instalación de sinalización de reducción de velocidade na baixada a Areamilla, nº X.

Expediente 6080/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6080/2018.- Outorgar a VELÁZQUEZ INMOBILIARIA, SL, con enderezo na Avda. Méndez Núñez, nº 27-baixo-Cangas, licenza de obras para adaptación de portal de entrada nunha superficie de 3,57 m²., revestimento e pintado de cerramento nunha superficie de 35,87 m²., e demolición de caseta de 27,18 m²., en Seixo, nº X-Darbo (referencia catastral X). O presuposto de execución das obras ascende a mil oitocentos setenta e tres euros con noventa e nove céntimos (1.873,99 €).

Expediente 3444/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3444/2019.- Conceder licenza de obras a A.F.S., con enderezo en rúa da Pedra Choca, nº X-Coiro, para cambio de estrutura e configuración de cuberta da vivenda nunha superficie de 50,22 m²., sita na Avenida de Lugo, nº X-Coiro (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto F.B.P., de data setembro de 2019. Antes do comezo das obras deberá presentar proxecto de execución e oficios de dirección e formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a once mil novecentos sesenta euros (11.960,00 €).

Expediente 3603/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3603/2019.- Outorgar a J.F.A.e L.C.P., con enderezo nas Xegadas, nº X-Darbo, licenza de obras para no lugar de baixada a Areamilla, nº X-Balea-Darbo (referencia



catastral X), regulado pola ordenanza de aplicación URNU (9), a construción de unha vivenda unifamiliar de 69,28 m²., de planta baixa; 66,69 m²., de primeiro andar; 2,59 m²., de terrazas; 10,06 m²., de edificación adxectiva e 37,28 ml., de cerramento e 84,00 m²., de demolición de edificación existente, de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto J. L. D. G., de data de visado 28 de marzo de 2019. Deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento dezaseis mil seiscentos setenta e dous euros con cincuenta e catro céntimos (116.672,54 €).

Aceptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizado en escritura pública de data 16 de outubro de 2019, formalizada perante a notaria M. T. C. P., por unha superficie de 18,23 m²., e unha fianza para garantir as obras de urbanización depositado en Banco Santander, por importe de trescentos euros con tres céntimos (300,03 €), de data 7 de outubro de 2019.

Expediente 4726/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4726/2019.- Outorgar a P.O.R., con enderezo en urbanización "Airiños do Monte", nºX-Darbo, licenza de obras para, no lugar de Estrada de Aldán, nºX-Cunchido-Darbo (referencia catastral X), regulado pola ordenanza de aplicación URNU (9), a construción de unha vivenda unifamiliar de 102,70 m²., de planta baixa; 31,60 m²., de primeiro andar e 16,50 m²., de terrazas, de conformidade co proxecto básico elaborado polos arquitectos N. L. G. V. e J. G. S., de data de visado 12 de marzo de 2019 e coas condicións impostas pola Axencia Galega de Infraestruturas. A licenza outorgarase condicionada a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución de obras visado, oficios de dirección e deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cen mil oitocentos cincuenta e nove euros con dez céntimos (100.859,10 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizado en escritura pública de data 19 de maio de 2017, formalizada perante a notaria A. T. C. P., incorporada no expediente nº 2292/2017.

Expediente 3655/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3655/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", titular do CIF nº A-63222533, con enderezo a efectos de notificacións no enderezo electrónico tramitacionelectronica_ufd_galicia@ufd.es, e se autoriza a ocupación de dominio público e concédese licenza de obras para en parcela sita en rúa do Hío, nº X-Cangas (referencia catastral X), canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 112,00



metros de lonxitude (expediente nº UD248318110061), de conformidade coa documentación redactada polo enxeñeiro técnico industrial P.T.B.de data 23 de maio de 2019, coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debera depositar un aval por importe de dez mil trescentos corenta e catro euros con trinta e seis céntimos (10.344,36 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigabilidade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 5427/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5427/19.- A "NEDGIA GALICIA SA", titular do CIF nº A-15383284, con domicilio a efectos de notificacións en rúa Lisboa - edificio Área Central, local 31, H-I-J- Polígono Fontiñas pl. PB, Santiago de Compostela, para no lugar de camiño Cunchido de Arriba, nº X- Cangas, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para canalizar unha acometida de gas de 2,50 m. (GDE 40819070032), de conformidade coa documentación redactada polo enxeñeiro industrial A.C. B.de data agosto de 2019, coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.



Concello de Cangas

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "NEDGIA GALICIA SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírtese da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galiza, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 5956/2019. Licenza municipal de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5956/2019.- (EXPEDIENTE Nº 26.161.- LICENZA MUNICIPAL Nº 24.938.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR "CITANIA MARE SL").- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a "CITANIA MARE SL", titular do CIF nº B36876357, da edificación sita en rúa Cervantes, nº 14-16 e rúa Sínghulis, nº 13, referencias catastrais (X), visto o informe favorable da arquitecto municipal de data 23 de outubro de 2019 e o informe favorable da xefa de servizo sobre o procedemento a seguir desta, obrantes no expediente, logo da recepción do informe favorable da UTE.

Expediente 6098/2017. Licenza municipal de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 6098/2017.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR M.R.G.C..- Outorgar a M.R.G.C., titular do DNI nº ***1189**, licenza de primeira ocupación dunha vivenda sita en rúa Os Píos, nº X-Cangas (referencia catastral X), visto o informe favorable da arquitecto municipal de data 27 de setembro de 2019 e o informe favorable da xefa de servizo sobre o procedemento a seguir de 24 de outubro de 2019, obrantes no expediente, logo da recepción do informe favorable da UTE.

Expediente 4057/2018. Solicitud de devolución de aval

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da xefa de urbanismo emitido o día 22.10.2019, referente a solicitude de devolución de aval, que é como segue:

"ANTECEDENTES:

Concello de Cangas



Primeiro: Con data de 16 de outubro de 2019, ten entrada polo rexistro electrónico municipal, núm. 1.932 solicitude de devolución de aval bancario, asinada por F.P.P., SL, titular do CIF: B 36040434 como titular da solicitude de licenza de obra 21.128 (expediente núm. 21.889).

Segundo: En Xunta do Goberno Local de data 8 de outubro de 2018 outorgouse licenza de primeira ocupación a F.P.P., SL (X-4057/2018).

Terceiro: En data 17 de outubro de 2019 a Tesourería Municipal emite informe no que di que 'Consultada a contabilidade municipal a día de hoxe consta o ingreso de garantía en forma de AVAL a nome de F.P.P. SL por importe de mil vinte euros con once céntimos (1.020,11€) co seguinte texto : 'AVAL BANCO PASTOR. LICENCIA DE OBRAS 21889'.

Cuarto: na data de 22 de outubro de 2019, o Inspector Municipal emite informe no que conclúe que 'Persoado no lugar, comprobo que a urbanización en cuestión se atopa en bo estado'.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 17 de xullo de 2019 sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

En base os fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro: Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de mil vinte euros con once céntimos (1.020,11 €) depositado por F.P.P., SL, no expediente de licenza de obra núm. 21.128 (Expte. 21.889 / X -165/2018).

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e ao Departamento de Tesourería.

E para que conste, expido o presente informe sen perxuízo de calquera outro mellor fundado en Dereito".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.

Expediente 6117/2019. Concesión do servizo de axuda no fogar



Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a J.M.R.F. con DNI nº ***3037** e con expediente nº 36008/01/003175 – 53825, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none">* Atencións de carácter persoal* Atencións de carácter psicosocial* Atencións de carácter doméstico <p><u>Custo total do servizo:</u> oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €), doce euros con once céntimos/hora (12,11€/hora).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> trescentos sesenta e oito euros con nove céntimos/mes (368,09 €/mes).</p> <p><u>Número de horas:</u> 70 horas.</p> <p><u>Data de efectos de alta no SAF:</u> a partir do 1 de novembro de 2019.</p>	
Expediente 6010/2019. Concesión do servizo de axuda no fogar	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a J.S.V. con DNI nº ***3064** e con expediente nº 36008/02/001708, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none">* Atencións de carácter persoal* Atencións de carácter psicosocial* Atencións de carácter doméstico <p><u>Custo total do servizo:</u> douscentos catro euros con oitenta céntimos (204,80 €), doce euros con oitenta céntimos/hora (12,80€/hora).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> oitenta e un euros con noventa e dous céntimos/mes (81,92 €/mes) (40%).</p> <p><u>Número de horas:</u> 16 horas.</p>	



Concello de Cangas

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de novembro de 2019.

Expediente 4061/2019. Proposta da alcaldía sobre contratación do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para o curso 2019/20-2020/21

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local acorda retirar da orde do día este punto para ampliar documentación.

Expediente 370/2017. Proposta da alcaldía sobre contratación do servizo de mantemento de redes e equipos informáticos

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 24.10.2019 da alcaldía, referente á contratación do servizo de mantemento de redes e equipos informáticos, que é como segue:

"Visto o informe técnico xustificativo elaborado polo responsable do contrato, A.S.M., o 23 de outubro de 2019, da necesidade de prorrogar o 'Servizo de mantemento de redes e equipos informáticos', asinado coa mercantil 'EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS SL', con data do 20.10.2017, cuxa cláusula terceira di: '...o prazo de execución deste contrato será de 2 ANOS, sendo susceptible de dúas prórrogas de carácter anual cada unha delas'. (cláusula 2ª PCAP).

Tendo en conta a importancia do servizo contratado e a necesidade de dispor deste.

De conformidade do disposto na Disposición Adicional Segunda da LCSP e o decreto de delegacións competenciais na Xunta de Goberno Local, asinado en data 17 de xuño de 2019, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Prorrogar o contrato de 'Servizo de mantemento de redes e equipos informáticos', asinado coa mercantil 'EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS SL', con data de 20.10.2017, con NIF nº B70240320 ata o 20.10.2020.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao contratista e aos departamentos municipais de intervención, servizos eléctricos municipais e apoio xurídico".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 1789/2019. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural para renunciar á subvención para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia IN223A

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Vista a proposta de data 22.10.2019 da concelleira de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural, referente a renuncia á subvención para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia IN223A, que é como segue:

"Visto que o día 25.06.2019 o Concello de Cangas recibiu notificación de concesión de subvención polo importe de oito mil oitocentos trinta e tres euros (8.833,00 €), que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do 11 de marzo de 2019, pola que se establecían as bases para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia, para a diagnose de situación e usos do mercado con un investimento subvencionable de dezasete mil seiscentos sesenta e seis euros (17.666,00 €).

Visto que na data actual as aplicacións vinculadas ao gasto están agotadas sen posibilidade de facerlle fronte á aportación municipal.

Visto o disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro e na cláusula 12 da Orde do 11 de marzo de 2019, pola que se establecían as bases para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia, eleva a Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Renunciar á subvención concedida, dado que á data actual as aplicacións vinculadas ao gasto están esgotadas sen posibilidade de facerlle fronte á aportación municipal, cos efectos que establece a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a cláusula 12 das bases para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia.

SEGUNDO.- Notifíquese a Consellería e ao departamento de intervención".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 533/2018. Proposta da xefa de urbanismo sobre informe da arquitecta do PEPRI relativo ó peche da fase 12ª Área de Rehabilitación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 24.10.2019 da xefa de urbanismo, referente ao informe da arquitecta do PEPRI relativo ó peche da fase 12ª Área de rehabilitación, que é como segue:

"De conformidade co previsto no art.172 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, proponse á Xunta de Goberno Local :

Primeiro.- Dar conta do informe da arquitecta do oficina de rehabilitación do Casco vello de Cangas de data 23.10.2019, relativo ao peche e remate da 12ª FASE, referente á Área de rehabilitación do Casco vello de Cangas:

INFORME



Concello de Cangas

Departamento: OFICINA DE REHABILITACIÓN

Asunto: AREA 12ª FASE

Emprazamento: Benigno Soage, 5 – Cangas

DATOS PERSOAIS DO INFORMANTE

Nome e apelidos: M. I. M. F.

Cargo que ostenta: Arquitecta da Oficina de Rehabilitación.

FEITOS QUE MOTIVAN O INFORME

REMATE E PECHE DA 12ª FASE

INFORME QUE EMITE

Primeiro.- En data 26.10.2017 asínase acordo da Comisión Bilateral (Rd 233/2013, de 5 de abril), referente á Área de rexeneración e renovación urbana do Casco vello de Cangas, segundo o Plan estatal de fomento de aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016- ANUALIDADE 2017), no que se concedeu actuacións para 20 vivendas.

Segundo.- Ningunha das solicitudes recibidas foi excluída.

Terceiro.- Para a 12ª fase foron aceptadas e tramitadas 20 actuacións, ao día da data, cumpriron obxectivos e remataron as 20 actuacións.

O orzamento total protexido para as 20 actuacións aceptado pola Consellería de Vivenda e Solo era de trescentos vinte e cinco mil euros (325.000,00 €), para rehabilitación, catorce mil cincocentos cincuenta e sete euros con cincuenta e cinco céntimos (14.557,55 €), para urbanización e reurbanización. O custo total das actuacións establécese en trescentos corenta e cinco mil trescentos corenta euros con corenta céntimos (345.340,40 €), que inclúe cinco mil setecentos oitenta e dous euros con oitenta e cinco céntimos (5.782,85 €), para financiar os gastos do equipo técnico de xestión.

Cuarto.- Segundo o anteriormente exposto dase por finalizada a FASE 12ª e xúntase para a súa aprobación a táboa de peche 12ª fase, cos datos económicos definitivos dos beneficiarios das axudas.

Nº EXPTE	SOLICITANTE	Enderezo Actuacion	Orz. Protex	Tipo actuacións	Nº Viv.	Uso	M2 útiles	Prazo meses	DATA LIC.	Subv. Prevista Ministerio	Subv. Prevista Xunta
P-AR-0046/2018	C.B.B.I	R/ Fonte do Galo X	35.646,46 €	Adecuación estrutural	1	Propio	92,70	6	02/10/2017	2.100€	2.250€

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

**Concello de Cangas**

P-AR-0047/2018	J.M.F.	R/ Singulis, X	21.564,63 €	Conservación	1	Propio	64,15	6	28/05/2018	6.750€	3.390€
P-AR-0048/2018	D.B.O.	R/ Real, X	20.697,80 €	Adecuación estrutural e seguridade e conservación	1	Aluguer	29,00	10	21/05/2018	5.000€	2.000€
P-AR-0049/2018	A.C.I.	R/ Cega, X	21.813,64 €	Conservación e mellora da calidade	1	Aluguer	81,40	6	12/03/2018	4.000€	2.100€
P-AR-0050/2018	R.T.M.	R/ Hio, X	25.950,00 €	Adecuación estrutural	1	Propio	88,74	10	05/03/2018	5.500€	2.500€
P-AR-0051/2018	R.G..C.	R/ Pios, X	77.054,75 €	Adecuación estrutural e seguridade	1	Propio	99,08	10	22/01/2018	3.920€	3.500€
P-AR-0052/2018	C.C.P.	R/ Valentín Losada, X	9.895,10 €	Conservación, mellora accesibilidade e calidade	1	Aluguer	37,87	10	28/05/2018	2.500,24€	985€
P-AR-0053/2018	C.C.P.	R/ Valentin Losada, X	10.728,05 €	Conservación, mellora accesibilidade e calidade	1	Aluguer	64,11	10	28/05/2018	3.000,24€	1.000€
P-AR-0054/2018	C.C.P.	R/ Valentín Losada, X	9.923,79 €	Conservación, mellora accesibilidade e calidade	1	Aluguer	37,87	10	28/05/2018	2.500,25€	992€
P-AR-0055/2018	E.F..M.	Hio, X	23.970,11 €	Conservación e mellora da calidade	1	Aluguer	93,62	10	23/10/2017	4.800€	1.250€
P-AR-0056/2018	E.F..M.	Hio, X	13.877,43 €	Conservación e mellora da calidade	1	Aluguer	51,65	10	23/10/2017	4.400€	1.250€
P-AR-0057/2018	E.F..M.	Hio, X	12.713,02 €	Conservación e mellora da calidade	1	Aluguer	51,65	10	23/10/2017	3.900€	1.250€
P-AR-0058/2018	E.G..M.	Montero Ríos, X	9.204,88 €	Adecuación estrutural e seguridade	1	Aluguer	85,00	3	13/04/2018	2.300€	900€
P-AR-0059/2018	B.M.G..	Hio, X	26.287,95 €	Conservación, mellora da calidade, sustentabilidade, adecuación e accesibilidade	1	Aluguer	100,25	6	12/02/2018	7.100€	2.600€

Concello de Cangas



P-AR-0060/2018	B.M.G..	Hío, (dereita)	X	13.143,97 €	Conservación, mellora da calidade, sustentabilidade, adecuación e accesibilidade	1	Aluguer	48,15	6	12/02/2018	4.225€	1.300€
P-AR-0061/2018	B.M.G..	Hío, (esquerda)	X	13.143,97 €	Conservación, mellora da calidade, sustentabilidade, adecuación e accesibilidade	1	Aluguer	54,23	6	12/02/2018	4.225€	1.300€
P-AR-0062/2018	C.C.C.	R/ Pios,	X	10.803,94 €	Conservación e accesibilidade	1	Propio	100,00	3	23/04/2018	3.700€	1.080€
P-AR-0063/2018	C.P. M.R.	Montero Ríos,	X	18.535,98 €	Adecuación estrutural e seguridade	2	Propio	133,00	10	31/05/2018	6.484,13€	1.853€
P-AR-0064/2018	R.N.G.	Eirado do Costal,	X	10.082,33 €	Conservación	1	Propio	84,96	3	13/04/2018	3.500€	1.000€

Actuacións Urbanización – reurbanización

Rúa/praza	Descrición actuación	Orzamento previsto	Fin actuación ou prazo de execución en meses	Ministerio	Xunta
RÚA BUENOS AIRES	RESTITUCIÓN DE ESCALEIRANA SUBIDA A RÚA BUENOS AIRES	14.557,55€	6 meses	5.095,14€	0,00€

Quinto.- Dar traslado de dito acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda”.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 5491/2018. Proposta de Alcaldía relativa á Sentenza n.º 159/2019 ditada o día 21/06/2019 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no PA 362/201 (X-18/16)8

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



Vista a proposta de data 23.10.2019 da alcaldía, referente á Sentenza n.º 159/2019 ditada o 21.06.2019 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Pontevedra no PA 362/2018 (X-18/16), que é como segue:

"Vista a Sentenza n.º 159/2019 ditada o día 21/06/2019 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Pontevedra no PA 362/2018 (Entrada en rexistro do Concello núm. 8443 de 27/06/2019) tramitado a instancia de Axa Global Direct Seguros SA contra o Concello de Cangas en reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos no vehículo asegurado BMW matrícula 0394JHD, en contía de mil cincocentos vinte e sete euros con dous céntimos (1.527,02 €), co fallo que a seguir se reproduce:

1º.- ESTIMAR o recurso contencioso-administrativo interposto pola entidade mercantil 'Axa Global Direct Seguros SA' contra a desestimación presunta da reclamación indemnizatoria que presentou en febreiro de 2018 no Concello de Cangas do Morrazo polos danos producidos o 31 de decembro de 2017 no vehículo BMW matrícula 0394JHD estacionado fronte aos núms. 18-20 da r/Montero Ríos.

2º.- Condenar ao Concello de Cangas a abonarlle á actora a cantidade de mil cincocentos vinte e sete euros con dous céntimos (1.527,02 €), incrementada co Índice de Garantía da Competitividade dende a data de presentación da reclamación na vía administrativa.

3º.- Condenar ao Concello de Cangas ao pagamento das custas do litixio, co límite máximo por honorarios de letrado sinalado no último fundamento'.

Visto o contido da Dilixencia de Ordenación de data 15/10/2019 recaída no Procedemento de Execución Definitiva 37/2019-c (dimanante do PA 362/2018) e con rexistro de entrada neste Concello núm. 15502 de 22/10/2019 co seguinte contido:

'Requírase á administración demandada CONCELLO DE CANGAS a fin de que no prazo de DEZ DÍAS proceda ao pago trescentos euros (300 €) en concepto de principal e catrocentos oitenta e catro euros (484 €) en concepto de taxación de custas, aprobado mediante Decreto de data 29 de outubro de 2015 librándose oficio a tal efecto, baixo os apercibimentos legalmente establecidos e verificado se acordará'.

Tendo en conta que este Concello ten subscrita unha póliza de seguro coa entidade MAPFRE para a cobertura deste tipo de continxencias, na cal se contempla unha franquía de trescentos euros (300 €) por sinistro.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- *Tomar coñecemento da Sentenza n.º 159/2019 ditada o día 21/06/2019 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Pontevedra no PA 362/2018 tramitado a instancia de Axa Global Direct Seguros SA contra o Concello de Cangas en reclamación de responsabilidade patrimonial e da Dilixencia de ordenación de data 15/10/2019 recaída no procedemento de execución definitiva 37/2019 -c.*

Segundo.- *En cumprimento da referida sentenza e do requirimento contido na dilixencia de ordenación citada recoñecer a obriga e ordenar o pago por importe de setecentos oitenta e catro*



Concello de Cangas

euros (784 €) (trescentos euros [300 €] en concepto de principal e catrocentos oitenta e catro euros [484 €] en concepto de custas da taxación efectuada).

Terceiro.- *Requirir da aseguradora MAPFRE o reembolso da parte abonada por este Concello que exceda da franquía establecida en póliza.*

Cuarto.- *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención, tesourería e apoio xurídico".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 5064/2019. Proposta da Alcaldía para a contratación obra “Pavimentación Estrada Piñeiro - Seixo, Darbo – Cangas” (urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Vista a proposta de data 28.10.2019 da alcaldía, referente á contratación da obra “Pavimentación Estrada Piñeiro-Seixo, Darbo-Cangas”, que é como segue:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a acta da mesa de contratación de data 21 de outubro de 2019 do seguinte teor literal

‘Expediente: 5064/2019

Contrato: *Obra ‘Pavimentación Estrada Piñeiro - Seixo, Darbo – Cangas’*

Asunto: *Acta da mesa de contratación*

Día e hora da reunión: 21.10.2019 ás 10:00

Lugar de celebración: *Sala de xuntas da Alcaldía*

Na sala de xuntas do Concello de Cangas sendo as 10:00 horas do día 21.10.2019 previa convocatoria, reúnen os membros da mesa de contratación que a continuación se indican co obxecto de proceder á apertura e avaliación das ofertas presentadas na indicada licitación.

Asistentes á reunión:

Presidente: *Xosé Manuel Pazos Varela – Alcalde*

Vogais: *Eleuterio Pena Lamas – Secretario Xeral*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Sergio Curra Moreira – Interventor municipal

M^a Carmen Rodal Sotelo – Tesourería

Eugenio González Fernández – Concelleiro de obras e servizos

Secretario da mesa: *Luis Martínez Domínguez – Técnico Administración Xeral*

Orde do día:

PRIMEIRO: Acto de apertura oferta criterios cuantificables automaticamente (art. 159)

SEGUNDO.- Subsanación.

TERCEIRO.- Acto de valoración oferta criterios cuantificables automaticamente (art. 159).

CUARTO.- Solicitud de aclaración

QUINTO.- Xustificación de Oferta Anormalmente Baixa.

SEXTO.- Solicitud de aclaración.

SÉTIMO.- Incidencias.

OITAVO.- Proposta adxudicación

Logo da constitución formal da mesa, o secretario desta procede a informar dos licitadores que presentaron oferta durante o prazo conferido para o efecto e dá lectura á documentación achegada po estes:

	RAZÓN SOCIAL	NIF	DATA PRESENTACIÓN
1	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	B32404972	11-10-2019 13:21
2	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA	B94106747	11/10/2019 13:53
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA	A36008886	11-10-2019 16:58
4	CONSTRUCCIONES FECHI SL	B36258861	14-10-2019 10:38
5	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO SL	B36133916	14-10-2019 10:51
6	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA	B36239861	14-10-2019 19:07
7	ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL	B36563823	15-10-2019 11:20

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

8	CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS	B36147429	15-10-2019 12:32
9	NAROM SL	B36163418	15-10-2019 13:33
10	CONSTRUCCIONES VALE SL	B36024933	15-10-2019 19:30
11	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA	B36533537	15/10/2019 19:35
12	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	B27802503	15/10/2019 10:53

A continuación procédese ao descifrado e descarga da documentación presentada electronicamente por cada licitador no sobre único.

Examinada a documentación administrativa, compróbase que todos compren os requisitos esixidos e non é necesario realizar requirimentos de emenda, sendo admitidos á licitación ás 12 empresas presentadas. Acto seguido dáse lectura a todas as ofertas económicas presentadas.

	LICITADOR	OFERTA+ IVA (60 puntos)	AMPLIACIÓN PRAZO GARANTÍA (30 puntos)	PRAZO EXECUCIÓN (10 puntos)	TOTAL PUNTOS
1	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	44.153,62 € 50,38 puntos	4 anos 30,00 puntos	45 días 01,11 puntos	81,49
2	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO SL	42.108,00 € 52,83 puntos	5 anos 30,00 puntos	15 días 03,33 puntos	86,16
3	CONSTRUCCIONES VALE SL	41.489,94 € 53,62 puntos	5 anos 30,00 puntos	10 días 05,00 puntos	88,62
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA	39.845,94 €	5 anos	14 días	89,40

Concello de Cangas



Concello de Cangas

		55,83 puntos	30,00 puntos	03,57 puntos	
5	CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS SL	49.397,74 €	5 anos	30 días	76,69
		45,03 puntos	30,00 puntos	01,66 puntos	
6	ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL	45.288,89 €	4 anos	60 días	73,95
		49,12 puntos	24,00 puntos	00,83 puntos	
7	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL	46.926,55 €	5 anos	20 días	79,90
		47,40 puntos	30,00 puntos	02,50 puntos	
8	CONSTRUCCIONES FECHI SL	39.180,03 €	5 anos	14 días	90,35
		56,78 puntos	30,00 puntos	03,57 puntos	
9	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL	41.417,59 €	5 años	5 días	93,71
		53,71 puntos	30,00 puntos	10,00 puntos	
10	NAROM SL	37.078,22 €	5 anos	9 días	95,55
		60,00 puntos	30,00 puntos	05,55 puntos	
11	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SL	41.198,60 €	5 anos	5 días	93,99
		53,99 puntos	30,00 puntos	10,00 puntos	

Concello de Cangas



Concello de Cangas

12	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA SL	44.627,05 €	4 anos	45 días	74,96
		49,85 puntos	24,00 puntos	01,11 puntos	

Polo tanto, a clasificación definitiva das ofertas en orde decrecente é a seguinte:

	LICITADOR	PUNTOS
1	NAROM SL	95,55
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SL	93,99
3	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL	93,71
4	CONSTRUCCIONES FECHI SL	90,35
5	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA	89,40
6	CONSTRUCCIONES VALE SL	88,62
7	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO SL	86,16
8	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	81,49
9	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL	79,90
10	CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS SL	76,69
11	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA SL	74,96
12	ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL	73,95

En consecuencia a mesa de contratación por unanimidade dos seus membros propón ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra 'Pavimentación Estrada Piñeiro - Seixo, Darbo – Cangas', á empresa 'NAROM SL', con NIF nº B36163418, por ter presentado a oferta mais vantaxosa.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

E sen mais asuntos que tratar, o presidente dá por terminada a reunión ás 12:04 horas e para que quede constancia do actuado o secretario da mesa redacta a acta que somete á sinatura do presidente e vogais”.

Considerando o disposto na Disposición adicional segunda, no Decreto 1134-2019, de 17 de xullo de 2019, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Asumir a proposta da mesa de contratación e adjudicar á empresa ‘ NAROM SL’, con NIF nº B36163418, por importe de trinta e sete mil setenta e oito euros con vinte e dous céntimos (37.078,22 €), co IVE incluído, cun prazo de execución de 9 días e cunha ampliación do prazo de garantía de 5 anos a maiores, a obra de ‘Pavimentación Estrada Piñeiro - Seixo, Darbo – Cangas’, por ser a oferta mais vantaxosa.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 2019 / 0 / 1531 / 619 / 03 do orzamento municipal, segundo se fai constar no documento de retención de crédito expedido pola intervención municipal en data 14-05-2019 (n. asentamento: 004584).

TERCEIRO.- Notificar a adjudicación aos licitadores que non resultaron adjudicatarios.

CUARTO.- Notificar a ‘NAROM SL’, con NIF nº B36163418, a adjudicación do contrato.

QUINTO.- Publicar anuncio da adjudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

SEXTO.- Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante.

SÉTIMO.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 346 da LCSP.

OITAVO.- Nomear á arquitecta técnica C. G. C. como directora da obra e coordinadora de seguridade e saúde.

NOVENO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención e apoio xurídico, así como, ao responsable do contrato”.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 3901/2019. Licenza urbanística (urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

EXPEDIENTE Nº 3901/2019.- Outorgar a A. B. N., con enderezo na Avda. de Bueu, nºX Cangas, licenza de obras para, no lugar de Estrada á praia de Menguíña-Aldán, regulado pola ordenanza de aplicación SNUN+ (11), a construción de unha vivenda unifamiliar de 181,80 m2., de soto, 146,10 m2., de planta baixa, 122,95 m2., de primeiro andar e 20,75 m2 de terrazas, referencia catastral X, de conformidade co proxecto básico elaborado polos arquitectos EAU

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



ARQUITECTURA S.L.P., de data 19 de xuño de 2019 e condicións impostas pola Deputación Provincial de Vías e Obras de data 9 e 13 de agosto de 2019, condicionado a que antes do comenzo das obras presente o correspondente proxecto de execución visado e oficios de dirección e deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a douscentos setenta mil cincuenta euros (270.050,00 €).

Expediente 7515/2017. Licenza municipal de primeira ocupación (urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

EXPEDIENTE Nº 7515/2017.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a "CONSTRUCCIONES VIZOSO IGLESIAS SL", con enderezo en rúa Os Pinos, nº X-Coiro, para a construción de sete (7) apartamentos turísticos, no lugar do Telleiro do Norte-O Espírito Santo (referencia catastral X), ao abeiro da licenza municipal nº 7515/2017, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 22 de outubro de 2019 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 23 de outubro de 2019.

Así mesmo, apróbese a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de resolucións da alcaldía de comunicacións previas de obras e actividades

A Xunta de Goberno Local queda informada da seguinte relación de decretos de comunicacións previas de obras ditados pola alcaldía:

- DECRETO 2019-1750 de data 22.10.2019
- DECRETO 2019-1768 de data 24.10.2019

Dación de conta de Sentenza nº 494/2019 ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo no procedemento DSP 500/2019 (expte. 3838/2019)

A Xunta de Goberno Local queda informada da Sentenza nº 494/2019 ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo en data 27.09.2019, do procedemento DSP 500/2019 (expediente nº 3838/2019).



Concello de Cangas

Dación de conta de Sentenza nº 533/2019 ditada polo Xulgado do Social nº 2 (reforzo) de Vigo no procedemento DSP 341/2019 (expte. 3500/2019)

A Xunta de Goberno Local queda informada da Sentenza nº 533/2019 ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo en data 09.10.2019, no procedemento DSP 341/2019 (expediente nº 3500/2019).

Dación de conta da sentenza nº 00461/2019 do TSX Galicia resolutoria do recurso de apelación 4203/2018

A Xunta de Goberno Local queda informada da Sentenza nº 00461/2019 de 27.09.2019 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, resolutoria do recurso de apelación nº 4203/2018.

Dación de conta do Decreto 10/10/2019 de TSX Galicia PO 4291/2017

A Xunta de Goberno Local queda informada do Decreto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 10.10.2019 recaído na tramitación do PO 4291/2017.

Dación de conta de Sentenza nº 96/2019 ditada polo Xulgado Central do Contencioso Administrativo nº 12 resolutoria do Procedemento Abreviado 49/2019 (expte. 3594/2019)

A Xunta de Goberno Local queda informada da Sentenza nº 96/2019 ditada polo Xulgado Central do Contencioso Administrativo nº 12 resolutoria do Procedemento Abreviado 49/2019 (expediente nº 3594/2019).

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850